

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

8790 REAL DECRETO 428/2003, do 11 de abril, polo que se establece a normativa básica das subvencións destinadas ó fomento das agrupacións de defensa sanitaria gandeiras. («BOE» 103, do 30-4-2003.)

A mellora da calidade sanitaria, a axilidade comercial e a rendibilidade das explotacións gandeiras requiren un alto nivel sanitario que só pode lograrse mediante a colaboración do sector, tanto na loita e erradicación de enfermidades, coma no mantemento e creación de estruturas defensivas ante o risco de aparición e difusión de enfermidades exóticas. Neste sentido, mediante o Real decreto 1880/1996, do 2 de agosto, polo que se regulan as agrupacións de defensa sanitaria gandeiras, estableceuse que as ditas agrupacións poderán obter subvencións estatais para o cumprimento dos seus fins, dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

De acordo con estas previsións, cómpre establece-la normativa básica das subvencións estatais destinadas ó fomento das agrupacións de defensa sanitaria gandeiras para a realización dos programas sanitarios anuais, de conformidade co disposto no Real decreto 1880/1996, do 2 de agosto.

Este real decreto díctase de conformidade coas directrices comunitarias sobre axudas estatais ó sector agrario (2000/C 28/02).

Na elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de abril de 2003,

DISPONGO:

Artigo 1. *Finalidade e obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto establece-la normativa básica das subvencións estatais destinadas ó fomento das agrupacións de defensa sanitaria gandeiras (ADS), reguladas polo Real decreto 1880/1996, do 2 de agosto, para mellora-la calidade sanitaria das explotacións gandeiras.

2. Estas subvencións destinaranse a financiar, nos termos previstos neste real decreto, a realización polas ADS de programas sanitarios.

Artigo 2. *Autoridade competente.*

1. A autoridade competente para a tramitación, resolución e pagamento das subvencións previstas neste real decreto será o órgano competente da comunidade autónoma en que radique o domicilio social da ADS.

2. As autoridades competentes iniciarán de oficio o procedemento de concesión destas subvencións mediante a correspondente convocatoria pública.

Artigo 3. *Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios destas subvencións as ADS recoñecidas de acordo co establecido polo Real decreto 1880/1996, do 2 de agosto, que cumpran cos requisitos establecidos no anexo deste real decreto.

Artigo 4. *Instrucción, resolución e pagamento.*

1. As solicitudes de subvención dirixiranse á autoridade competente, de acordo co que estableza a correspondente convocatoria pública, a cal as tramitará, as resolverá e procederá ó seu pagamento.

2. Nas resolucións de concesión da subvención farase constar expresamente que os fondos con que se sufraga proceden dos orzamentos xerais do Estado ou, en caso de participación doutras administracións públicas con fondos propios, o importe e porcentaxe destes.

Artigo 5. *Contía da axuda.*

1. A contía que vai percibir cada ADS será determinada polas comunidades autónomas en función dos criterios que estas establezan nas súas convocatorias.

2. Os criterios a que se refire o punto anterior deberán ter en conta o programa sanitario, o censo e as especies de gando existente na ADS. Tamén poderán establece-las comunidades autónomas un límite máximo para o importe da axuda que vai percibir cada ADS.

3. En ningún caso, o importe total da axuda con cargo ós orzamentos xerais do Estado prevista neste real decreto poderá supera-lo 50 por cento do custo total do programa sanitario para o ano en que se solicite a subvención.

Artigo 6. *Financiamento da axuda.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación financiará as subvencións previstas neste real decreto con cargo á aplicación orzamentaria que para cada exercicio se determine nos orzamentos xerais do Estado.

2. A distribución territorial dos créditos consignados para o efecto nos orzamentos xerais do Estado a cargo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación realízase de acordo co previsto no artigo 153 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobada polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro. Na súa virtude, para cada exercicio establecerase, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias, e tendo en conta, se é o caso, os remanentes a que se refire o punto 4, a cantidade máxima correspondente a cada comunidade autónoma.

3. As resolucións dictadas polos órganos competentes das comunidades autónomas non poderán conceder axudas que superen no seu conxunto, no que respecta ós importes das ditas axudas que se financien mediante os fondos achegados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, as contías aprobadas para cada comunidade autónoma nas conferencias sectoriais de agricultura e desenvolvemento rural correspondentes.

4. Os remanentes dos fondos resultantes ó finalizar cada exercicio orzamentario que se encontren en poder das comunidades autónomas seguirán mantendo o destino específico para o que foron transferidos e utilizaranse no seguinte exercicio como situación de tesourería en orixe para a concesión de novas subvencións.

Artigo 7. *Modificación da resolución e reintegro.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O incumprimento dos requisitos esixidos para a concesión da subvención e, en particular, os establecidos no anexo deste real decreto, darán lugar á revogación da axuda, coa devolución, se esta se aboou, do importe percibido incrementado co xuro de demora legalmente establecido, desde o momento do seu aboamento.

Artigo 8. Deber de información.

As comunidades autónomas remitiranlle anualmente ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no primeiro trimestre de cada exercicio, os datos relativos ás axudas concedidas e pagadas no ano anterior.

Artigo 9. Compatibilidade.

As subvencións previstas neste real decreto serán compatibles con calquera outra que, para a mesma finalidade e obxecto, puideren establecer outras administracións públicas. Non obstante, o importe total das axudas percibidas por unha ADS, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, non poderá supera-lo custo da totalidade do programa sanitario do ano de que se trate, polo que, en caso de obtención concorrente das ditas axudas, o importe da subvención regulada neste real decreto se reducirá na proporción que corresponda ata respecta-lo límite.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ó amparo da habilitación contida no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. Facultade de adaptación.

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, para efectuar no anexo as modificacións que sexan precisas en aplicación da normativa comunitaria, así como para fixa-lo importe máximo global das axudas en función das dispoñibilidades orzamentarias.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 11 de abril de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO**Requisitos dos beneficiarios**

Para se poderen beneficiar das subvencións previstas neste real decreto, as ADS deberán cumprir, ademais dos requisitos establecidos con carácter xeral para a percepción de axudas públicas, os seguintes requisitos:

1. Trátase dunha ADS recoñecida pola autoridade competente e comunicada ó Rexistro Nacional establecido no artigo 5 do Real decreto 1880/1996, do 2 de agosto.

2. Dispor dos servizos dun veterinario responsable das seguintes actuacións na ADS:

a) Control da identificación animal de todo o gando integrado na ADS, de acordo co establecido para o efecto no Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que

se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina, ovina e caprina, e no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina.

b) Supervisión dos libros de rexistro das explotacións segundo o regulado no citado Real decreto 205/1996.

c) Cumprimento das obrigas que, en materia de tratamentos ós animais das explotacións con medicamentos veterinarios, se establecen no Real decreto 109/1995, do 27 de xaneiro, sobre medicamentos veterinarios, así como no Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos.

d) Colaboración nos controis sanitarios relativos ó movemento pecuario ou calquera outra actuación que requiran os servizos veterinarios oficiais.

e) Colaboración coas autoridades competentes na Rede de Epidemiovixilancia Nacional.

3. Executar un programa sanitario, co seguinte contido mínimo segundo a especie animal:

a) Ovino e caprino.

1.º Cumprir coas actuacións que correspondan á ADS, no ámbito da comunidade autónoma en que radique, en relación cos programas de erradicación de enfermidades segundo o Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais.

2.º Programas de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais.

b) Bovino.

1.º Cumprir coas actuacións que correspondan á ADS, no ámbito da comunidade autónoma en que radique, en relación cos programas de erradicación de enfermidades segundo o Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro.

2.º Programas de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais.

3.º Programas de control fronte a rinotraqueíte infecciosa bovina e diarrea viral bovina.

c) Porcino: cumprir coas actuacións que correspondan á ADS, no ámbito da comunidade autónoma en que radique, en relación cos programas de seguimento, control e loita (segundo corresponda) fronte ás seguintes enfermidades do porcino: enfermidade de Aujeszky, enfermidade vesicular, peste porcina clásica e peste porcina africana.

d) Aves: plans de seguimento, control e loita (segundo corresponda), no ámbito da comunidade autónoma en que radique, incluídos no real decreto polo que se establece e regula o plan sanitario avícola.

e) Équidos.

1.º Programa de control e loita fronte á influenza equina.

2.º Control serolóxico da arterite viral equina e a metrite contaxiosa equina.

f) Abellas.

1.º Programas de control e loita contra a loque americana.

2.º Programas de control e loita contra a loque europea.

g) Coellos: programas de control fronte á mixomatose e a enterite vírica hemorráxica.

h) Acuicultura continental: programas de mostraxe e análise para o control da septicemia hemorráxica viral

e a necrose hematopoética infecciosa, regulados no Real decreto 1882/1994, do 16 de setembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables á posta no mercado de animais e produtos da acuicultura.

i) Outras especies: o resto de requisitos establecidos en cada caso polos órganos competentes das comunidades autónomas

4. Cumprimento, así mesmo, de tódalas medidas adicionais en materia sanitaria que dispoñan para o efecto os órganos competentes da comunidade autónoma onde radique a ADS, segundo as condicións sanitarias da zona e as características particulares da dita agrupación.

8791 *ORDE APA/1018/2003, do 23 de abril, pola que se establecen os requisitos básicos para os esquemas de selección e os controis de rendementos para a avaliación xenética dos équidos de raza pura. («BOE» 103, do 30-4-2003.)*

No marco das competencias atribuídas para a elaboración da normativa básica estatal en materia de produción gandeira, para a conservación e mellora dos animais, no Real decreto 376/2003, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, mediante a presente disposición regúlanse os requisitos básicos dos esquemas de selección e o control de rendementos para a valoración xenética dos animais.

O Real decreto 1133/2002, do 31 de outubro, polo que se regula no ámbito das razas equinas o réxime xurídico dos libros xenealóxicos, as asociacións de criadores e as características zootécnicas das distintas razas, supón a base para o desenvolvemento das normativas que afectan as razas puras equinas con vistas á súa conservación, ordenación, mellora e fomento, e mediante a presente orde ministerial desenvólvense os criterios técnicos para lograr eses obxectivos.

Unha vez que xa están definidas regulamentariamente as condicións de inscrición dos animais nos libros xenealóxicos, cómpre avanzar nos esquemas de selección e plans de mellora, así como defini-los controis de rendementos que permitan alcanza-lo progreso xenético de nosas razas equinas.

Estes esquemas deben ser elaborados, executados e desenvolvidos polas organizacións de criadores oficialmente recoñecidas para as diversas razas e aprobados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Os esquemas de selección e plans de mellora deben incorporar, alén da información xenealóxica, os resultados da valoración de reprodutores e dos controis de rendementos, realizados a través dos datos recollidos nas diversas probas e disciplinas hípcas establecidas para cada raza, incluídas as probas en centros de testaxe ou estacións de control, as probas de campo e os resultados dos concursos nos que participen os équidos.

O obxectivo que se persegue é a determinación do valor xenético dos équidos co fin de que, a través dos mellores xenotipos para unhas determinadas aptitudes, se poidan deseña-las cubricións entre os reprodutores para optimiza-lo máximo progreso xenético e aumenta-la competitividade de nosas razas equinas no mercado internacional.

A presente orde ministerial adóptase de conformidade coa disposición derradeira primeira do Real decreto 1133/2002, do 31 de outubro.

Na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades afectadas.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta disposición establece as condicións básicas para a valoración xenética dos équidos a través dos esquemas de selección e plans de mellora, así como as características dos controis de rendementos nas diversas razas.

Artigo 2. *Esquemas de selección e plans de mellora.*

1. Os esquemas de selección e plans de mellora terán un carácter único para cada raza gandeira e serán elaborados, desenvolvidos e executados polas organizacións ou asociacións de criadores oficialmente recoñecidas, coa colaboración do órgano xestor dos libros xenealóxicos, debendo estar avalados por un departamento da universidade, un centro de investigación ou un organismo técnico cualificado que deseñe a súa estrutura e procese toda a información necesaria para a valoración xenética dos animais. Así mesmo, deberán ser executados por persoal cualificado para a realización das diversas fases integrantes dos esquemas e que sexan necesarias para a súa adecuada aplicación.

2. As organizacións ou asociacións de criadores oficialmente recoñecidas presentarán as propostas de esquemas de selección e plans de mellora á Dirección Xeral de Gandería para a súa aprobación e financiamento, cando for o caso.

3. Os esquemas de selección e plans de mellora deberán adecuarse ós parámetros e etapas que figuran no anexo desta orde.

4. Os gandeiros poderán solicita-la súa participación nos esquemas de selección e plans de mellora ás organizacións ou asociacións de criadores oficialmente recoñecidas. Unha vez que os gandeiros se incorporasen a un esquema de selección, deberán presta-la máxima colaboración pondo á disposición os seus animais nas fases do esquema ás que se adhiran.

5. Os esquemas de selección deberán incorporar e desenvolver, cando menos, os seguintes aspectos:

- Definición dos obxectivos de mellora e os seus criterios de selección.
- Obtención de información dos rexistros xenealóxicos e productivos.
- Control de rendementos e ponderación dos diversos datos que se avaliarán no esquema.
- Determinación do valor xenético dos animais controlados e escolla dos potenciais reprodutores.
- Estratexia de utilización dos reprodutores escollidos e difusión da mellora obtida.

6. Os esquemas de selección e plans de mellora deberán establecer e definir cáles dos parámetros que figuran na parte A do anexo da presente disposición son incorporados a eles e a metodoloxía para a súa consideración e ponderación final na avaliación xenética dos animais.

7. Os esquemas deberán estruturarse en fases de selección de reprodutores, conectadas entre si, que deberán quedar expresamente definidas para cada raza e que, como marco de referencia, figuran na parte B do anexo da presente orde.

8. Deberanse establecer parámetros e criterios de selección precoces en animais novos e desenvolver métodos estatísticos e xenéticos para optimiza-la utilización dos resultados obtidos nas diferentes probas.